



I CONCURSO DE FOTOGRAFÍAS "ILUMINANDO O NADAL XALLEIRO"

BASES DO CONCURSO

1.- FINALIDADE

A finalidade deste concurso é crear positividade a través da visibilidade do traballo en familia para decorar as fiestras, fachadas, espazos interiores ou exteriores, xardíns... das súas casas en tempo de Nadal.

A decoración en tempos de Nadal é diferente nas culturas dos distintos países do mundo. Dentro da intención de dar a coñecer as tradicións dos "Nadales do Mundo", queremos dar visibilidade en Galicia en xeral, e en Santa Comba en particular, a unha tradición do Nadal que nas últimas décadas tense afianzado entre a poboación de todo o mundo, a iluminación dos entornos e dos entornos familiares polas festas de nadal.

Con esta actividade preténdese que a poboación de Santa Comba e doutros lugares se animen a seguir vivindo a esencia familiar do Nadal, a decorar en familia ás súas fiestras, xardíns, árbores, beléns, espazos interiores e exteriores, etc.. a través de pequenos traballos de manualidades e artesanía caseira e a compartir ese acto familiar, a través dunha nova forma de relacións como son as Redes Sociais. Esta actividade pode ser compartida desde os fogares de moitos xalleiros, tanto os que viven aquí, como os que viven na emigración, e nestas datas non poderán volver para ver as súas familias de Santa Comba.

2.- PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas físicas de 12 anos en diante, que cumpran con estas bases. A participación é totalmente de balde.

REDE SOCIAL WHATSAPP (opción única): Os participantes deben de enviar a foto da súa iluminación de ESPAZOS INTERIORES OU EXTERIORES a un número de whatsapp que facilitará a organización na cartelería oficial do Concurso. A/as foto/s deberá ir acompañadas do Nome e Apellidos.

3.- TEMA

O tema será: Fotografía de fiestras, fachadas, beléns, árbores... **sempre espazos familiares interiores ou exteriores** das casas decoradas con **motivos iluminados do Nadal**.

Os traballos que se presenten deberán ser orixinais e inéditos. Non se admitirán imaxes de montaxes, nin manipulacións que non sexan exclusivamente tratamentos de cor ou axustes de calidade ou procesado da imaxe. As fotografías non terán ningún elemento: sinatura, logo, iniciais,...

No caso de que se presenten ao concurso fotografías con imaxes de persoas físicas, recae sobre o participante toda responsabilidade relacionada co dereito á intimidade e a propia imaxe.

4.- CATEGORÍA

Formato libre, sempre con fotografías exteriores con decoración destas Festas de Nadal. Nesta edición, non se permite video.

5.- Nº DE OBRAS E FORMATO

Cada participante poderá participar cun **máximo de 2 traballos**, que poderá ser en cor ou en branco e



negro.

6.- PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Poderanse enviar fotografías entre as 00.00h do día 19 de Decembro ata as 23:59h do día 25 de Decembro.

8.- XURADO E SELECCIÓN DOS MELLORES TRABALLOS.

As fotos dos traballos enviados publicaranse na rede social oficial do Concello de Santa Comba, en **Facebook (exclusivamente, SANTA COMBA info+)** o luns 26 de Decembro, e abrirase o prazo para votar ata as 12:00h do venres 30 de decembro, para que a xente poida dar “Gústame”, “Me gusta” ou “Like” (interaccións positivas, en todo caso) en ámbalas redes.

9.- PREMIOS

A primeira semana do ano 2023 realizarase o cómputo de interaccións positivas dos traballos presentados:

Haberá 4 premios, 2 por espazo, interior ou exterior:

ESPAZOS INTERIORES:

1º Premio: 150 € nun vale de Compra no Comercio Local

2º Premio: 75 € nun vale de Compra no Comercio Local

ESPAZOS EXTERIORES:

1º Premio: 150 € nun vale de Compra no Comercio Local

2º Premio: 75 € nun vale de Compra no Comercio Local

Os premios entregaranse nunha data a concretar na semana de Reis.

Os premios deberán ser canxeados antes do 1 de febreiro, previa comunicación cos Servizos Municipais do Edificio Multiusos de Santa Comba

10.- RESOLUCIÓN/DEREITOS DO CONCELLO

Todos os traballos presentados pasarán a formar parte dun arquivo creado para uso municipal, e poderán ser expostas e reproducidas co obxectivo expresado nos obxectivos do Concurso.

A participación no concurso supón a aceptación destas bases.